



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Alverte Pivida, Rodrigo  
Arújo Fernández, María  
Balado Barciela, Adrián  
Blanco Sierra, Javier  
Bouza Rodríguez, José Benito  
Bueno Alonso, Jorge Luís  
Caamaño Martínez, José Carlos  
Carballo González, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Carro Parafita, Pedro Manuel  
Castro Cerceda, María Luisa  
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Collazo Fernández, Antonio  
Comesaña Benavides, José Antonio  
Comesaña Piñeiro, Rafael  
Couto Cancela, Daniel  
Cruz Freire, José Manuel  
Cuesta Morales, Pedro  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
De Blas Varela, M<sup>a</sup> Esther  
De Morais, Gadyel Aminadab  
De Oca Cancela, Guillermo  
Dominguez Blanco, Santiago  
Estévez Iglesias, Bruno  
Estévez Orge, Marcos  
Fálagan Mota, Jorge  
Fariña Rodríguez, José  
Fenollera Bolívar, María Inmaculada  
Fernández Arias, Mónica  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Rey, Aser Ángel  
Fernández Riverola, Florentino  
Fernández Romero, Daniel  
Fernández Souto, Ana Belén  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Carlos Antonio  
Fraiz Brea, José Antonio  
Gallardo Medina, Mercedes  
Gándara Pérez, José Antonio  
Garrido Campos, Julio  
Garrido Suárez, Carlos  
Godoy Malvar, Eduardo  
Gómez Fariñas, Beatriz  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
González González, Alfredo  
González López, Raquel  
González Varela, Luis  
Hernández Sánchez, Jesús  
Iglesias Blanco, Raúl  
Isorna Folgar, Manuel  
Llamas Nistal, Martín  
López Lago, Marcos  
López Mira, Álvaro Xosé  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
López Sánchez, Óscar  
Macías Cambra, Henrique  
Magaz Ledo, María Luisa  
Martín Moreno, José M.  
Martínez Gómez, Alejandro  
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Mojón Ojea, Artemio  
Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
Moure Rodríguez, María José  
Nombela Castaño, Miguel Ángel  
Novas Míguez, Javier  
Otero Fernández, Javier  
Ovejero Campos, Aida  
Padilha Gómez, Iago  
Pardo Froján, Juan E.

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 3 de decembro de dous mil dezaoto, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no paraninfo da Reitoría do Campus de Vigo.

Ás 10:10 h do día **3 de decembro de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre a planificación plurianual.
4. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2019.
5. Presentación do Informe de Acoso Sexual e por Razón de Sexo.
6. Informe do defensor universitario sobre o ano 2017.
7. Elección de membros da Comisión Electoral: Sector estudantes, 1 vacante.
8. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector estudantes, 2 vacantes.
9. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.
10. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor informa dos acordos da Mesa do Claustro e sinala que para establecer a orde de intervención se comezará pola letra B. Así mesmo, informa da retirada da orde do día do punto 5 e de que non haberá eleccións nos puntos previstos ao non terse presentado candidaturas. Informa que haberá dúas roldas de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018.**

Ao non recibirse alegacións, apróbase por asentimento.

### **2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor fai unha breve intervención sobre o máis salientable do ano 2018.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Paz López, José  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, Ma de los Ángeles  
Pérez Cota, Manuel  
Pérez Diz, Ángel Eduardo  
Pérez Juste, Ignacio  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel J.  
Rico Fuentes, Juan Jesús  
Ríos Santomé, María José  
Rivas Conde, Filemón  
Rivera González, Paula  
Rivo López, Elena  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rubio Armesto, M<sup>a</sup> Belén  
Sieiro Vázquez, Carmen  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel M.  
Teixeira Bautista, Marta  
Teira González, Eva  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>  
Vázquez Otero, María Elsa  
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel  
Velasco Graña, M<sup>a</sup> Rita  
Vila Alonso, M. de las Mercedes  
Villanueva Torres, Daniel  
Zas Varela, Mónica

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

Baltrusch, Burghard  
Bará Louro, María  
Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup> Covadonga  
Boutinguiza Larosi, Mohamed  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Dafonte Gómez, Alberto  
Díaz Casaleiro, Tomás  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Dominguez Dominguez, Rubén  
Fernández Blanco, Elia  
Fernández Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández Reboreda, Teresa  
Formoso Vázquez, David  
Gallego Veigas, Pedro Pablo  
García González, Silvia  
García Pascual, Marcos  
González Álvarez, Dolores  
Iglesias Briones, María Jesús  
Lamas Novoa, Daniel  
Míguez Miramontes, Jesús Manuel  
Moldes Pita, Óscar  
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón  
Pérez Paz, María Flor  
Pino Rodríguez, Zeltia Augusta  
Reboreda Morillo, Susana  
Rivas Ferreiro, Mauro  
Rodríguez de la Fuente, Marta  
Romero Sánchez, Danae  
Siota Álvarez, Mónica  
Sotelo Dios, Patricia  
Vera Isasa, María

**CRUE**

*Este ano, a universidade española estivo na picota por asuntos de sobra coñecidos relacionados con titulacións sen as debidas garantías. A CRUE estivo moi activa no ano 2018, tentando poñer en valor o traballo que fan as universidades españolas, presentando unha serie de propostas importantes, moi especialmente coa declaración institucional celebrada no Congreso, baixo a presidencia de Ana Pastor, e coa presenza dos consellos sociais e dos axentes sociais. Neste senso, propónse a redacción e aprobación dunha nova lei de universidades, e deixar a universidade fóra do debate político. Nesta iniciativa xogou un papel importante o anterior Reitor da Universidade de Vigo.*

*Ademais, vense de incentivar a posta en marcha de tres mesas de negociación que xa comezaron o seu traballo, e que seguramente serán de máis utilidade práctica tendo en conta as correlacións de forzas existentes no Parlamento español e a duración máxima do período de sesións.*

*A nivel autonómico, resulta de interese subliñar a posta en marcha do Consorcio Interuniversitario Galego, que será a suma de diversas oficinas xa existentes que dan servizo ás tres universidades pero baixo un novo estatuto xurídico común. O edificio aproveitará a estrutura xa construída, e incorporará no 2020 un centro de investigación sobre a paisaxe (especialmente dedicado ao Xacobeo), a CIXUG (que suma a CISUG –consorcio de software-, Bugalicia –bibliotecas- e a CIUGA) e a ACSUG. Decidiuse que a sede física deste consorcio fora en Santiago, e estase a habilitar un edificio no complexo do Gaias para este uso.*

*Asemade incluírase no devandito edificio un centro de investigación interuniversitario, que aspira a ser de excelencia, centrado na interpretación da paisaxe e no Camiño de Santiago. No inicio houbo unha serie de propostas de ocupación do edificio, que incluían por exemplo o CESGA, ou algún instituto universitario, pero neste momento non está claro que vaian a estar alí. En breve formalizaremos o interese de algúns grupos de investigación da nosa universidade para a participación no novo centro de investigación interuniversitario.*

**Titulacións de grao**

*Enxeñería Biomédica. Abriu esta titulación con gran éxito, cubrindo tódalas prazas e con elevada nota de corte.*

*Enxeñería Aeroespacial. Continúase coa implantación, e podemos estar satisfeitos, malia a publicidade negativa recibida, da captación de profesorado (este ano cóbrense tódalas prazas de profesorado ofertadas) como nas novas infraestruturas. Ademais xa temos algunhas boas novas sobre posibles chegadas de novos profesores formados neste ámbito para o vindeiro curso académico. Entendemos que*

*a oferta vai a ser moi competitiva, e contamos con iniciar os traballos para a construción dun edificio propio da titulación que permite seren aínda mais competitivos.*

*Adiase a implantación da titulación de Deseño e Creación na Facultade de Belas Artes polo menos un ano. Tentaremos negociar, en todo caso, que a matrícula ofertada non supoña unha forte baixada na oferta específica da titulación de Belas Artes. Trátase dun Grao único no SUG que completará a especialización do Campus Crea e permitirá a formación en deseño gráfico, audiovisual e multimedia.*

#### Investigación

*Este ano houbo convocatoria de agrupamentos estratéxicos e a resolución mellora as posicións da Universidade de Vigo, aínda non cumprindo tódalas nosas expectativas. O agrupamento Atlantic é xa unha realidade consolidada. Recupera posicións o CITACA, adicado á investigación agroalimentaria, que substitúe ó CIA, que perdera a escarapela de agrupación estratéxica, e mantén posicións ECOBAS, no ámbito económico. Esperamos traballar para conseguir maiores éxitos no futuro, tanto no eido das enxeñerías como noutros ámbitos, nos que neste momento existe máis dispersión dos investigadores.*

*Por primeira vez a Universidade de Vigo figura como líder nun proxecto europeo da convocatoria H2020, o que amosa o potencial que temos como universidade xeradora de coñecemento. Os números de proxectos concedidos, éxitos nas convocatorias de persoal e outro tipo de convocatorias ligadas a distintas iniciativas, desde Erasmus Plus ata convocatorias de cooperación internacional. En tódolos eidos a universidade progresa e amosa as súas fortalezas.*

*Unha proba desta fortaleza ven dada na recente concesión de infraestruturas científicas por parte do Ministerio, cunha concesión total de máis de 7 millóns de euros de subvención, sendo a universidade galega con máis éxito. Neste momento negociamos coa consellería o cofinanciamento do restante 20% que non aporta o Ministerio.*

#### Transferencia

*Este é un eido no que a Universidade de Vigo destacou desde a súa creación. Nos pasados anos, estudando cifras xerais de contratación, semella que perdemos certo pulo. Non é caso iniciar hoxe un debate das razóns desta perda, pero si indicar que estamos traballando para recuperar o convenio con FEUGA, o que esperamos ter no primeiro trimestre do ano que vén, e estamos a traballar coas asociacións empresariais. Como exemplo, co Círculo de Empresarios de Vigo estamos a traballar en 8 comisións que propoñan accións concretas que beneficien á sociedade galega. Ou coa confederación de empresarios de Ourense, que xa comezamos unha liña de debate sobre o desenvolvemento social.*

#### Zona Franca

*En conversas coa Zona Franca acordouse manter a cátedra actual e dotar outra adicional adicada a temas de mobilidade dentro da nosa área xeográfica. Ademais continúaase coa colaboración co Centro de Innovación Aeroespacial e, trala compra do edificio da rúa Oporto, continúa a cesión de espazos á Universidade. Tamén estamos traballando en temas de mutuo interese que aínda non están pechados. Tamén imos asinar convenio para temas de sustentabilidade.*

#### Deputación de Pontevedra

*Estamos a traballar coa Deputación de Pontevedra para formalizar de novo unha cátedra de igualdade e para recoller en convenio tódalas contribucións que a Deputación quere facer para o desenvolvemento de actividades de investigación e desenvolvemento, transferencia, divulgación e outros temas que sexan de interese social.*

#### Deputación de Ourense

*Estamos a traballar non unicamente no convenio actual, senón na creación dun observatorio demográfico. A Deputación vai a ser socio prioritario para a posta en marcha de accións de sustentabilidade e para o espallamento de accións universitarias no mundo rural.*

## Concello de Vigo

*Estamos tentando pechar o tema do IBI. Neste momento estamos clarexando moitos dos aspectos técnicos que atinxen ó catastro e o planeamento do campus de Lagoas/Marcosende, pero esperamos que en menos de tres meses estea todo preparado para acadar un acordo que poña fin á disputa nos tribunais. A acollida da Alcaldía a unha serie de actividades proposta cara ó futuro foi excelente, tanto no eido do transporte ó campus como en actividades de promoción da imaxe da Universidade e de utilización de infraestruturas.*

## Concello de Ourense

*Seguimos a traballar en boa liña con este Concello, que está disposto a apoiar iniciativas da comunidade universitaria presentadas pola Universidade.*

## Concello de Pontevedra

*Está apoiando xa moitas iniciativas, e esperamos que no futuro poidamos dispor de máis actividades ligadas ó campus*

## Edifícios

*Edificio de Benito Corbal, en Pontevedra: Neste momento estamos negociando coa Xunta o esforzo inversor necesario para que o edificio sexa cedido á Universidade de Vigo en estado de uso. Formúlase unha cesión polo tempo máximo que permite a lei, e esperamos que as catro plantas das que imos dispor a partires do ano 2020 sirvan para apuntalar o campus CREA e as actividades do campus de Pontevedra*

*Edificio do Berbés: neste caso as obras están realizándose a bo ritmo, esperamos que ó longo do 2019, se non xurdan atrancos, estea dispoñible. Esperamos que o edificio poda ser un magnífico escaparate para a promoción da Universidade de Vigo entre os cidadáns e que sirva para axudar á captación de alumnos, así como para diversas actividades que terán, de seguro, máis éxito na cidade que no campus.*

*Edificio Faraday (campus do Mar): neste caso, acordamos coa Xunta de Galicia axustar o plan de obra para que sirva mellor ás nosas necesidades cun custo menor. A subvención prevista pola Consellería de Facenda é de 3 millóns de euros, e pensamos que é posible dispor do edificio en uso non gastando tantos cartos. En todo caso, xa pedimos que se vaian facendo os esforzos necesarios para mobilizar o plan de ordenación.*

*Edificio Campus da Auga, en Ourense: xa inaugurado, neste caso o edificio permitiu instalar as infraestruturas científico-técnicas precisas para a titulación de Enxeñería Aeroespacial. Véxase foto. Ademais estamos traballando para a instalación da planta piloto (longamente solicitada e prometida por distintas candidaturas) que esperamos poda instalarse ó longo do vindeiro ano. Esperamos tamén que poda trasladarse o CACTI desde o Centro Tecnolóxico da Carne (no polígono de San Cibrao) ata este edificio, pensando que a meirande parte dos usuarios pertencen ó campus. Quero facer constar aquí o meu agradecemento ó persoal de administración e servizos, nomeadamente a Jesús Bello, porque fomos quen de executar en prazo os equipamentos concedidos o ano anterior e que non se empezaron a mover ata a toma de posesión do equipo actual. Esperamos que nos vindeiros días estean instalados e en funcionamento tódolos equipamentos esperados. Tamén cumpre subliñar que negociamos coa Xunta un orzamento adicional que permitiu a instalación dos equipos que non tiñan previstos cartos para as instalacións eléctricas, cabinados, etc., na meirande parte dos casos.*

## Honoris Causa

*Procedeuse á investidura co Grao de Doutor Honoris Causa das profesoras María Inmaculada Paz Andrade, e a doutora Jacquelyn Campbell.*

## Nova páxina web

*A nova páxina web, que foi realizada polo anterior equipo reitoral, mellora moito esteticamente, pero aínda temos que traballar a súa estrutura e o xeito de incorporar a información procedente dos distintos servizos. Pedimos paciencia, e esperamos tela operativo ó longo de 2019.*

## Eleccións a reitor

*Cumpre subliñar que as eleccións a reitor tiveron unha participación elevada, como era de esperar pola dispoñibilidade de opcións diversas e tamén polo esforzo na campaña dos dous equipos que se presentaban.*

## Revitalización do Claustro Universitario

*Estamos convencidos de que o Claustro ten que xogar un papel fundamental na vida universitaria, fomentando a participación de todos no debate e clarexando posicións que sirvan para acadar éxito nas nosas inxerencias como institución. Aspiramos a que o número de xuntanzas anuais estea preto dos anos máis activos.*

## Negociación sindical

*Estamos a por en marcha outro xeito de negociación sindical, con máis fluxo de información e maior participación de todos na toma de decisións. Esperamos que esta etapa de diálogo permita acadar acordos sempre que sexa posible.*

## Calendario Académico

*No curso 18-19 produciuse un problema coa data de inicio de curso, que foi comunicada de xeito directo a través do Decreto de taxas e prezos públicos e non fora debatida polo equipo de goberno anterior. Para o futuro cabe supoñer que a data de inicio de actividades docentes no SUG sexa común ás tres universidades. A nosa está a traballar en Comisión do Claustro para facer algunhas recomendacións que espero poidan servir de base para unha aprobación conxunta de datas (de matrícula, de inicio e final de curso, de actas) que permitan mellorar o traballo das titulacións interuniversitarias.*

## DOCENTIA

*Estamos xa a traballar na proposta de novo programa Docentia que substitúa ó actual. Esperamos tamén chegar a acordos coas outras universidades do SUG.*

## TFG e TFM

*Despois dun amplo e construtivo debate no Claustro, aprobouse unha proposta de modificación do Regulamento que permitirá dotar de máis autonomía ós centros para a organización de tribunais de TFG e TFM.*

## Titulacións duais

*Esperamos que, ó longo do vindeiro ano, poidamos avanzar no deseño de titulacións duais, que permitirían que os alumnos, ademais dos coñecementos obtidos na Universidade, tiveran unha ampla experiencia nas empresas do eido que se trate.*

## Captación de talento e remodelación do Equipo

*Aínda que nalgúns clasificacións a nosa posición vai perdendo certa forza, cumpre subliñar que na Times Higher Education temos unha magnífica posición, especialmente no eido educativo (postos 301-400), en ciencias da vida, ciencias da computación, enxeñaría (postos 401-500) entre outros. Pero é preciso incrementar a nosa posición en publicacións de altísimo impacto, publicacións en Nature e Science e investigadores altamente citados. Neste senso é preciso subliñar que o profesor Simal acaba de acadar a nominación, e foi relevado das súas responsabilidades no equipo reitoral porque é importantísimo para nós non perder esa posición, de modo que lle permitimos volver ó seu laboratorio, agradecéndolle con moito agarimo os servizos prestados. Ademais vimos de incorporar como investigador distinguido ó profesor Maurizio Battino, que xa ten como enderezo principal a Universidade de Vigo (de feito, xa hai dous artigos de factor de impacto 12, nos que figura a nosa institución como a creadora). Ademais, vai dirixir un grupo da universidade que, no campus de Vigo, actúe como tractor dese eido de investigación. Así, durante o 2019 a Universidade de Vigo vai contar con dous dos tres investigadores altamente citados do SUG.*

Suba de salarios

*Para rematar, quixera subliñar que neste momento, unha vez acordada coa Consellaría de Facenda unha suba de masa salarial, as tres universidades estamos reclamando unha suba das cantidades concedidas ás nosas institucións para facer fronte á suba de salarios decretada desde o goberno central.*

Ábrese unha quenda de intervencións. Non se producen.

### **3. Informe sobre a planificación plurianual.**

O Sr. reitor declara que a planificación plurianual consiste basicamente en afrontar o seu programa electoral. Hai tres condicionantes da programación: os orzamentos, a masa salarial e as taxas de reposición. Os orzamentos deberán negociarse coa Xunta, baixo parámetros de calidade. A masa salarial négociase anualmente e para 2019 acadamos unha suba de medio millón de euros, e as previsións plurianuais son optimistas. As taxas de reposición cambian anualmente, aínda que tende a subir. Imos tentar cambiar o rumbo cara a fortalecer os cadros de persoal.

Durante o 2019 tentarase de por en marcha o cadro teórico de persoal e quedará baleira a bolsa de catedráticos e tal vez a de titulares. En 2020 se profundará na profesionalización do PAS laboral.

Tratarase de recuperar e revitalizar a función do Claustro. Insistirase no diálogo na negociación sindical, con normas claras e dotando de máis información ás mesas de negociación.

Realizarase o desenvolvemento estatutario unha vez publicados os Estatutos, comezando polo regulamento de estudantes, a normativa de avaliación e guías docentes e o regulamento disciplinario e de sancións, con normativa de exames.

Traballarase na captación do alumnado, cun estudo da evolución da matrícula. Elaborarase un plan de captación, que se traerá ao Claustro coa aprobación dunha serie de medidas. O Sr. Reitor achega un gráfico sobre a evolución do alumnado nas universidades públicas españolas no grao (descendente) e no mestrado (ascendente) e das universidades privadas presenciais, favorecidas por certos movementos políticos. Finaliza cun gráfico relativo á situación en Galicia, tanto no grao como no mestrado, e unha comparativa na Comunidade de Madrid, así como os datos do informe CYD 2016/17. En canto á matrícula na Universidade de Vigo, é tendente a unha baixada suave pero continua, que debería ser revertida. No primeiro trimestre de 2019 presentárase o plan de captación de alumnado, co obxectivo de captar alumnado en Galicia, Portugal e Iberoamérica.

En canto á docencia, limitarase os efectos do Decreto Wert a 280 o número máximo de horas, sen perder de vista o límite das 240. Farase un cálculo do cadro teórico do persoal docente e haberá un cambio radical na normativa interna dos mestrados. Haberá un apoio á formación doutoral coa centralización de actividades transversais. Crearase a Escola de Posgrao e Formación Continua en 2020, incluíndo nela o programa universitario de maiores.

Recuperaranse progresivamente os complementos salariais e simplificaranse o procesos de avaliación da docencia. Crearase a Oficina Integral de Proxectos. Haberá modificacións leves nas avaliacións de investigación e transferencia e porase en marcha un sistema electrónico de xestión de revistas e revitalizarase o servizo de publicacións. Recuperarase o convenio con FEUGA. En 2019 presentárase o plano de usos de novas instalacións e edificios (Benito Corbal, Faraday...). Comezará a Universidade de Verán, cunhas xornadas de pensamento contemporáneo. Estase tamén a traballar no tema de arquivos, particularmente o arquivo electrónico e a organización do arquivo histórico. Abordarase a simplificación dos procedementos de calidade.

Ábrese a rolda de intervencións, pero non se producen.

### **4. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2019.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Economía para falar dos orzamentos, indicando que hai certos condicionantes legais. Comeza cos ingresos, expoñendo un gráfico coa evolución do financiamento

universitario de Galicia no 2016-2019 e das achegas dos plans de financiamento. Indica as previsións para o plan galego de financiamento universitario 2016-2020. As universidades galegas caen, pero a caída da UVigo é menor. Expón a evolución dos ingresos entre 2016 e 2019. O presuposto da Universidade de Vigo sobe respecto ao ano anterior aínda que o incremento non serve para facer política no gasto corrente. Nas transferencias correntes sobe o presuposto un 7%, como reflexa o orzamento de ingresos 2016-2019.

Amosa a continuación a composición do ingreso por capítulos para o ano 2019.

En cuanto aos gastos, o capítulo de persoal é o máis importante (sobe máis dun 6%). O capítulo II (gastos correntes) sobe un 4%. Os gastos financeiros soben un 200% pero por un efecto contable. As transferencias correntes baixan case un 5%. O capítulo VI sobe case un 8%. Amósase o cadro de gasto xeral.

En canto as actuacións de goberno, remítese ao dito polo reitor nos puntos anteriores.

Ábrese a rolda de intervencións: Alfredo González e Paula Rivera. Alfredo González, representante dos estudantes fala dos presupostos dos centros, que baixan e pregunta por que. D<sup>a</sup>. Paula Rivera, representante de estudantes de xurídicas, quere que se reflexe un compromiso de dotar unha partida orzamentaria para o consello de estudantes. Pregunta polas bolsas comedor e polo Campus da Auga do Campus de Ourense o edificio de aeroespaciais. Finaliza preguntando polo plan Concilia.

O Sr. vicerreitor de Economía resposta, en canto aos recortes nos centros, explicando que certos ingresos contables supoñen custes que supoñen un efecto negativo. Existen condicionantes externos, herdados e propios que inflúen nos presupostos de 2019. Hai anos que os ingresos soben e outros anos que baixan. No 2019 hai unha caída prevista de 400.000 euros. Ademais, existen gastos derivados do mantemento dos edificios. Hai unha baixada nas taxas de mestrados e conxeláronse as taxas de grao, sen que suban os ingresos correntes. Os condicionantes herdados refírense ao Edificio do Campus da Auga de Ourense, por exemplo, que xera un incremento de custes asociados, como sucederá con outros edificios. Ademais, están os gastos derivados das políticas do reitorado. En suma, o gasto corrente incrementouse e debe ser reestruturado. Tentouse facer co menor impacto posible. Ningún centro diminuíu máis do dez por cento nos seus orzamentos. Admite que se pode estudar unha partida para o consello de estudantes. En canto ao edificio de aeroespaciais maniféstase en contra da política do ladrillo, agás en casos como o de aeroespaciais, que é necesario que teñan un edificio. Pide unha aclaración sobre o asunto das bolsas de comedor. A alumna aclara que non saíron para este ano. O Sr. vicerreitor indica que o preguntará. O Sr. reitor pide información sobre os gastos previstos para o consello de estudantes. Indica que se barallan dúas posibilidades para o edificio de aeroespaciais e que se tratará no Consello de Campus. Mirarase a convocatoria de bolsas de comedor.

Na segunda rolda de intervencións fala Luis González, que se pregunta polo uso dos edificios e formula a posibilidade da venda de edificios non situados no Campus. Sobre aeroespaciais lembra os compromisos acadados coa titulación de cara ao edificio. Quéixase do carácter de “caixón de xastre” do edificio do Campus da Auga e reclama un programa serio de crecemento do Campus de Ourense. O Sr. Enrique Macías pregunta polos compromisos profesionais co PDI, comparándoa coa de PAS, e quéixase de que parecen menores e que se teña en conta a perda do poder adquisitivo do PAS nos últimos anos. O Sr. Ignacio Pérez Juste fala como decano da Facultade de Química, pregunta pola planificación do presuposto dos centros para os anos vindeiros, aludindo ás regras de xogo existentes respecto ao que deben facer os centros para incrementar o seu presuposto. A Sra. Paula Rivera insiste sobre o plan concilia.

O Sr. reitor indica que as bolsas comedor convocaranse en xaneiro e pagaranse en maio. En canto ao PDI/PAS alude a que os compromisos están pendurados en internet e que en relación co PAS recóllense polo miúdo. O 2019 se establecerá o cadro preciso de persoal. Seguirase a negociar. En canto ao Plan Concilia estase a traballar nel, aínda non está rematado. Neste momento non está prevista a construción dunha gardería, pero se pode estudar. O plan será presentado e debatido no Claustro. O edificio de aeroespaciais pode levar incorporadas as aulas (edificio completo) ou separadas, aínda que faltan estudos técnicos. Concorda coa importancia da planificación e coa sorte de ter o edificio do Campus da Auga para poder facer a tempo a recepción dos equipamentos.

O Sr. vicerreitor fala dos custos que teñen os edificios, que implican un gasto produtivo que podería dedicarse a outros fins, o que leva aos recortes expostos. En canto á venda, explica as razóns polas que non

se poden vender os edificios. Respecto ás reducións de ingresos nos centros e departamentos sinala que a economía consiste en asignar eficientemente os recursos escasos, o que leva a ter que tomar decisións políticas. A opción deste equipo de goberno é investir en capital humano, e aclara que a parte fundamental dos recortes foi para as vicerreitorías.

O Sr. reitor apoia expresamente a aposta polo capital humano deste equipo de goberno, e remata indicando que esta Universidade xa vendeu algún edificio, como a anterior Reitoría.

## **5. Presentación do Informe de Acoso Sexual e por Razón de Sexo.**

Retírase este punto da orde do día debido a ausencia da Prof<sup>a</sup>. María Lameiras por motivos profesionais.

## **6. Informe do defensor universitario sobre o ano 2017.**

O Sr. reitor cede a palabra a D. Argimiro Rojo, elixido presidente da Asociación Iberoamericana de Defensores Universitarios. Reprodúcese o seu discurso:

*Os Estatutos da nosa universidade establecen que o defensor universitario dará conta anualmente, a través dun informe/memoria que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (TG). En cumprimento desta normativa elaborouse o citado informe, que está a disposición de todos vostedes na documentación deste Claustro, por se tivesen interese en consultalo. Nel recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do ano 2017. Trátase dun exercicio de transparencia e rendición de contas ante a comunidade universitaria, e tamén ante o conxunto da sociedade da que formamos parte e á que temos a obriga de servir. No que respecta aos contidos, o informe estrutúrase en dous grandes bloques:*

*O primeiro (constituído polos apartados 1 e 2) ten carácter introductorio, xa que refire o marco normativo, conceptual e metodolóxico-funcional no que se desenvolve o TG.*

*O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do tribunal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2017: O apartado 3 é o máis extenso porque dá conta da súa principal tarefa: incoar e tramitar expedientes tralas reclamacións e queixas presentadas. No apartado 4 relaciónanse outras actuacións, non menos importantes, tales como consultas, mediacións, entrevistas ou recomendacións. No apartado 5 infórmase sobre un importante ámbito de actuación que o TG está a potenciar nos últimos anos: as relacións institucionais e a actividade exterior. No apartado 6 detállase o orzamento do Tribunal e a súa execución no ano 2017. No apartado 7 coméntanse algúns aspectos relevantes relacionados cos datos e cifras contidas no informe e fórmulanse algunhas reflexións e propostas en concordancia co anterior. Finalmente, no anexo recóllese a relación de recomendacións efectuadas no transcurso do ano 2017 e a composición do tribunal no mesmo ano.*

*Este é o contido desta memoria correspondente ao ano 2017. Dos seus datos pódense extraer algúns comentarios, reflexións e propostas.*

*1. No ano 2017 produciuse un lixeiro aumento do número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior (36 en 2017, 25 en 2016). Este feito pode considerarse totalmente normal e non debe causar alarma se consideramos as cifras rexistradas nos últimos anos, que se mantiveron sempre por riba do medio centenar.*

*2. No que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maioría dos expedientes refírense ao alumnado (75%), seguido a bastante distancia polo persoal de administración e servizos (17%) e polo profesorado (8%). Estas disparidades nas porcentaxes por sectores segue a ser moi similar á dos anos anteriores e coincide cos datos estatísticos do resto das defensorías universitarias españolas.*

*3. Na distribución por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, aínda que este ano acentúase máis a diferenza. Constátase un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (67%), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense e de Pontevedra (cada un deles cun 17%).*



4. Na división por sexos apréciase unha porcentaxe moi similar entre o colectivo masculino (un 50%) en relación co feminino (un 47%). O 3% restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ámbolos dous sexos.

5. Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados, en primeiro lugar e maioritariamente, coa reclamación e revisión de cualificacións, referidas na súa maioría a materias de grao. O segundo motivo de queixa vén motivado pola desconformidade cos métodos de avaliación. Este tipo de queixas céntrase no incumprimento das guías docentes e na falta de claridade e rigor respecto da metodoloxía avaliadora utilizada; nuns casos por utilizar fórmulas excesivamente complexas e confusas e noutros por ser arbitrarias e improvisadas e carecer de soporte normativo tanto na guía docente como na normativa xeral vixente. Algunhas queixas puxeron ao descubierto prácticas ilegais nalgúns centros, como o non recoñecemento do dereito á revisión de exames parciais. O terceiro motivo ten que ver coa avaliación curricular e co aprobado por compensación en relación coas titulacións en proceso de extinción e as dificultades de adaptación ao grao. Trátase dunha problemática que, por razóns obvias, cada vez ten menos incidencia pero que en anos anteriores especialmente relevante. Outros motivos de queixa están relacionados con comportamentos inadecuados por parte do PDI (desconsideración, incumprimento coas responsabilidades de titorización de TFGs ou falta de rigor e precisión na formulación e enunciados de exames tipo test). O TG prestou especial atención á reclamación dun estudante invidente na que denunciaba unha presunta discriminación pola súa discapacidade visual. Feitas as oportunas pescudas, constatouse que a Universidade de Vigo, se ben dispón das ferramentas axeitadas para facer fronte a situacións de discapacidade (como o PIUNE e outros protocolos de actuación), nalgúns casos as persoas responsables da súa aplicación descoñecen ditos recursos, o que impide aplicar os procedementos axeitados. Esta circunstancia levou ao TG, ademais doutras actuacións, a presentar unha recomendación coa finalidade de mellorar a difusión e coñecemento de ditos protocolos.

6. As reclamacións do persoal de administración e servizos (PAS) céntranse principalmente en cuestións relacionadas coas consecuencias derivadas da aprobación da última Relación de Postos de Traballo (RPT). En relación con esta problemática resulta inevitable preguntarse por que houbo que esperar 16 anos para aprobar unha nova RPT e por que despois de tanto tempo non foi posible acadar un acordo entre as partes, o que houbo impedido a alta conflitividade e xudicialización producida. O TG, dentro das súas limitacións, levou a cabo distintas actuacións, instando ás partes e aos órganos implicados a dialogar e atender de forma axeitada e conforme a dereito as lexítimas demandas das persoas afectadas. Outros motivos de queixa do PAS están relacionados coa denegación de permisos para a asistencia a congresos. Esta reclamación presenta a dúbida de se unha persoa pertencente ao colectivo PAS e que ao mesmo tempo posúe unha titulación universitaria na que desexa progresar, ten ou non dereito a un permiso para participar en ditos eventos. Estudiado o caso, non se apreciou a vulneración de ningún dereito da persoa reclamante. Pese a iso, e a xuízo do TG, o debate podería manterse aberto co fin de explorar fórmulas alternativas.

7. Respecto ao sector do profesorado (PDI), conséntase que os motivos das súas reclamacións están relacionados, en primeiro lugar, con procesos de convocatoria e resolución de prazas; nuns casos co non recoñecemento de experiencia laboral nun concurso de profesorado asociado e noutros coa volatilidade dos criterios de selección nos procesos de concorrencia competitiva. Isto último orixinou outra recomendación do TG, na que se pedía manter certa estabilidade e permanencia en relación coa vixencia de ditos criterios de selección. Tamén se recibiu unha queixa pola negativa a que se elaborasen guías docentes e demais escritos oficiais da Universidade de Vigo coas normas ortográficas e morfolóxicas da AGAL (Associação Galega da Lingua/AEG). Sobre este tema, que non deixa de ser polémico nalgúns centros, o TG manifestou a súa posición no senso de que mentres a normativa vixente non sexa revisada en función do proceso (sempre aberto) de normalización do uso do galego, os escritos oficiais da universidade deben acatar o estipulado pola lexislación. O Tribunal de Garantías considera que o respecto á legalidade vixente é un imperativo do Estado de Dereito que é preciso acatar. E iso é perfectamente compatible, e non entra en contradición, co principio de liberdade intelectual e de cátedra; nin tampouco impide o lexítimo debate técnico, tanto no ámbito académico como no social, sobre a cuestión suscitada.

8. Outra actuación con especial incidencia no ano 2017 é a relacionada coas recomendacións e propostas formuladas, que derivan tanto das reclamacións ou queixas presentadas como das iniciativas promovidas

polo propio TG. Tal como se indicou anteriormente, centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade: elaboración dun protocolo sobre o acoso escolar (que aínda non se concretou), criterios de selección nos procesos de concorrencia competitiva, conciliación da vida familiar e laboral (na que continuaremos teimando) e mellora no coñecemento e difusión dos protocolos e normativas da Universidade de Vigo para facer fronte a problemas de discapacidade. Cómpre insistir que os órganos destinatarios das recomendacións teñen a obriga de dar conta ao TG da súa recepción, viabilidade e, de ser o caso, do seu estado de execución, o que permite facer un seguimento puntual das propostas formuladas. A Secretaría Xeral é a nosa principal interlocutora nesta orde de cousas, por iso mesmo queremos deixar constancia da necesidade de seguir colaborando estreitamente, tal como se veu facendo de xeito exemplar nos últimos anos.

9. Comprácenos informar tamén que no ano 2017 a Unidade de Igualdade solicitou ao TG apoio económico para a realización dun informe sobre Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo. O TG respondeu axiña, acordando colaborar cunha achega económica de 4.000 euros. E fixémoslo así porque consideramos que esta temática é absolutamente prioritaria e precisa a máxima implicación de todas e todos nós. Parabéns pola iniciativa e polo traballo ben feito ao Servizo de Igualdade, ás autoras do informe e ao conxunto da Universidade de Vigo, que dá así un paso máis para converterse en referente de igualdade e respecto aos dereitos e liberdades das persoas.

10. Neste apartado de rendición de contas cómpre sinalar as entrevistas mantidas con persoas da nosa comunidade universitaria que de xeito informal e espontáneo dirixense e comunícanse coa defensoría. Nuns casos para pedir información ou asesoramento, unha axuda que prestamos principalmente ao alumnado e que consideramos de moita utilidade. Noutros casos para expresar a súa opinión ou inquedanzas sobre diferentes aspectos que atinxen á realidade universitaria. O TG debe informar e este Claustro de cal é o seu contido, para que logo poidan ser tomadas en consideración e atendelas convenientemente. Algunhas inquedanzas veñen motivadas polo incremento do uso indebido das novas tecnoloxías, que dá lugar a casos de plaxio, copia, acoso e indisciplina nas aulas. Algúns acontecementos recentes deberían alertarnos sobre esta problemática e nalgúns centros deberían reforzarse as medidas de prevención e control para evitar a reiteración de casos de copia, por exemplo. Aceptemos dunha vez por todas que o uso indebido das novas tecnoloxías é unha ameaza e un desafío que temos que afrontar. Hai outra preocupación que de ningún modo debe ser ignorada. Referímonos á necesidade de cumprir coa normativa vixente en todo o referente á conciliación da vida familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo; unha demanda en relación a cal o TG recibiu varias peticións de amparo. Ademais de presentar esta cuestión de xeito reiterativo ante a Xerencia anterior, o TG presentou nos últimos anos dúas recomendacións: unha en outubro do ano 2014 e outra en marzo do 2017. Non tivemos moito éxito, pero seguiremos teimando na necesidade de atender convenientemente esta demanda. Outro motivo de malestar ten que ver cos excesos producidos na celebración de festas nos campus. Sobre este asunto o TG xa se ten pronunciado en anos anteriores, deixando claro que determinadas prácticas e comportamentos non só non encaixan coa natureza e funcións da universidade, senón que ademais afean e degradan a súa imaxe. Neste senso, queremos deixar constancia do noso apoio ás últimas iniciativas postas en marcha que van na dirección de poñer fin a ditos excesos. Consideramos que con firmeza e determinación, dialogando e razoando, podemos acadar unha solución satisfactoria.

11. Dentro das actuacións levadas a cabo polo TG debemos subliñar, por último, as actividades encadradas dentro do apartado das relacións institucionais. O conxunto de todas estas actuacións están encamiñadas a reforzar a cooperación, posibilitando así unha maior información e unhas sinerxías que nos permitan ser mellores no desempeño da nosa tarefa de defensores. A o longo destes anos dedicamos tempo e esforzo en promover a creación de redes, tanto no ámbito do Sistema Universitario de Galicia (SUG) como no estatal, europeo, iberoamericano e global, defendendo e explicando a idea a través de publicacións e intervencións en distintos foros (CEDU, REDDU, ENOHE). A creación da Rede Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIDU) o pasado mes de setembro na cidade arxentina de Córdoba e a elección do presidente do TG para presidila, representa dalgún xeito a culminación exitosa deste propósito. Supón tamén un recoñecemento ás nosas profundas conviccións nas potencialidades que encerra a figura do ombudsman e a determinación de traballar en rede, abrirse ao mundo e establecer cauces de cooperación con todas as defensorías. Pero ademais dun recoñecemento á institución e ao labor do TG, o feito de

*presidir unha organización internacional dedicada á defensa dos dereitos humanos no ámbito universitario é o resultado dun éxito colectivo, cuxo principal protagonista é a Universidade de Vigo. Unha universidade que, sendo tan nova, está gañando a pulso un prestixio e unha proxección internacional merecida de todo eloxio. A todos nos incumbe, dende as nosas respectivas responsabilidades, seguir contribuíndo a acrecentar este legado e esta boa imaxe.*

*12. Este é o noso exercicio de rendición de contas. Supervisamos actuacións, mediamos en situacións de conflito, escoitamos, informamos, alentamos e afoutamos, recomendamos, advertimos, suxerimos e promovemos cambios e melloras; traballamos, ademais, de xeito coordinado e cooperativo cos demais defensores no marco deste escenario global e multinivel. Este é o relato un traballo colectivo levado a cabo por todos os membros do TG, aos que quero dar as grazas pola súa dedicación e profesionalidade. O meu recoñecemento a Ernesto Vázquez-Rey, Ana Martínez, Guillermo de Oca, Francisco Rey, Coral del Río e Sara Torres; tamén a Lola Pous, secretaria durante estes últimos anos e que hai uns meses causou baixa por xubilación, sendo ocupado o seu posto por Belén Priego Iglesias, á que damos a nosa benvida e desexamos se sinta a gusto entre todos nós. Todas estas actuacións, en especial aquelas que acadaron un resultado satisfactorio, foron posibles grazas á colaboración de moitos de vostedes e tamén doutras persoas que xa non están neste escenario. A todas e todos moitas grazas. A partires de agora, e como resultado das últimas eleccións, contamos con novas e novos interlocutores en relación coas funcións de representación, goberno, xestión e oposición. Dende esta tribuna o TG desexa darlles parabéns por ter merecido a confianza dos membros da comunidade universitaria. Teñen toda a lexitimidade para desempeñar a tarefa encomendada. Non nos defrauden. Nin o goberno nin a oposición. Sr. Reitor, esa folgada maioría acadada (tan difícil nos tempos que corren) encerra unha clara mensaxe: o seu programa, modelo e ideario é o preferido pola comunidade universitaria e por unha serie de enunciados e promesas que vostede fixo: facer as cousas doutro xeito, máis diálogo e proximidade, máis humanismo, apostar polos recursos humanos, mellorar as condicións de traballo para o persoal, dignificar a docencia, simplificar a burocracia, potenciar o Claustro, aproveitar tódalas potencialidades do TG. Aproveito para agradecerlle esa mención expresa no seu programa; grazas por esa deferencia e mostra de respecto e cortesía cara ao órgano que eu presido: xa era hora. Sr. Reitor, equipo de goberno, non nos defrauden, cumbran esas promesas e non esperen ao 2040. Dentro do xogo democrático tamén precisamos dunha oposición artellada, visible, continuada, responsable e crítica, capaz de exercer esa función de contrapeso, control, proposta e alternancia. Neste marco, pódense defender todas esas Idean que suman, tal como se dicía no slogan de campaña do grupo opositor. O Claustro debe ser ese lugar de encontro, esa sede e expresión máxima do goberno democrático da nosa universidade, esa ágora e foro onde se debata, delibere, argumente e acorde. E sen esquecer que o paradigma democrático nos obriga a acadar acordos e consensos, aínda que estes sexan ásperos e só parcialmente satisfactorios. Potenciemos, recuperemos as potencialidades do Claustro, única maneira de evitar a deriva cara unha universidade xerencial. Reiteramos a nosa vontade de colaboración con todas e todos vostedes. Tamén a nosa aposta por seguir reivindicando a cordialidade, o respecto, os bos modais, a proximidade, a afabilidade e o sorriso; e todo iso en harmonía e maridaxe coa calidade, o rigor e a excelencia. Sr. Reitor, pese ás dificultades e incompreensións, persevere nese propósito de manter o sorriso; saiba que me terá ao seu lado para recordarlle e dicirlle de cando en vez: Smiling Through, Sourire Toujours, Sorrir.*

*13. No marco deste paradigma de colaboración e lealdade permítanos suscitar ante o Claustro varios asuntos que afectan ao bo funcionamento da nosa institución universitaria, razón pola cal deberían ser obxecto dunha especial atención en adiante: a) No ano 2015 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno de Galicia. Como xa manifestamos noutras intervencións anteriores, as súas disposicións son aplicables ás universidades, polo que cómpre tomalas en serio e poñer en práctica os seus principios reitores: transparencia e rendición de contas, accesibilidade universal á información pública, non discriminación tecnolóxica nin lingüística respecto da mesma, e a súa reutilización en beneficio da sociedade. Temos que felicitarlos porque nos últimos informes das universidades españolas, a Universidade de Vigo volve a ocupar postos destacados entre as consideradas transparentes, moi afastada das tipificadas como translúcidas e opacas. O noso portal de transparencia constitúe unha excelente carta de presentación e contamos tamén cun Regulamento de transparencia e acceso á información pública. Agora ben, non podemos caer na compracencia, senón perseverar nesta nova cultura da transparencia, rendición de contas e bo goberno, o que nos obriga a todas e todos a ir interiorizándoa e practicándoa no día a día no contexto*

das nosas respectivas responsabilidades. Evitaremos así casos tan pouco edificantes como os rexistrados recentemente nalgunhas universidades do noso país. Presentáenos outro reto relacionado co anterior: facer compatible o principio de transparencia co dereito a protección de datos das persoas. b) Na Lei do sistema universitario galego dise que un dos obxectivos e fins do Sistema universitario de Galicia (SUG) é o fomento da cultura da solidariedade entre os membros da comunidade universitaria. Recoñecemos o esforzo que se está a facer neste eido e do que dá boa mostra a creación dunha Vicerreitoría de responsabilidade social, cooperación e internacionalización, a recente celebración dunhas xornadas sobre a cooperación universitaria ao desenvolvemento ante a axenda 2030, os programas de mentorización, etc....). Agora ben, cabe preguntarse se aínda podemos facer máis. Consideramos que si, e neste senso propoñémoslle a creación dun “Premio Universidade de Vigo da cooperación e solidariedade”. Atrévanse, innoven, fomenten os valores, establezan este premio e fágano extensivo a calquera persoa de boa vontade e procuradora do ben para os seus semellantes, sexa ou non da universidade. Isto tamén contribúe a crear imaxe e proxectarnos na contorna e no mundo. c) A Universidade de Vigo acaba de aprobar a reforma dos Estatutos, a súa norma institucional básica. O TG quere manifestar, en primeiro lugar, o seu desexo de que o resultado final desta reforma signifique un perfeccionamento das nosas regras de xogo e unha mellora nos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria. En segundo lugar, o TG considera que temos agora unha magnífica oportunidade para, a través dunha nova normativa (regulamentos, instrucións), poder facer fronte a unha serie de problemas de carácter endémico detectados ao longo destes anos e dos que o TG vén dando conta a través de recomendacións e doutras actuacións. Entre eles destacaríamos os seguintes: -Revisar, actualizar e precisar todo o relativo ao procedemento e aos órganos competentes para tramitar e resolver as revisións/impugnacións das cualificacións do alumnado, incluíndo a posibilidade de promover un tribunal externo doutra universidade, unha opción que na actualidade presenta serios problemas de viabilidade. Ocúpense a fondo desta cuestión, que tantos conflitos, reclamacións e custos de todo tipo ocasiona. -Fixar unhas pautas xerais en relación ao procedemento a seguir respecto a aqueles estudantes que, por razóns suficientemente xustificadas, soliciten non acollerse ao réxime de non presencialidade e avaliación continua. Na actualidade cada centro xestiona esta cuestión de xeito autónomo, pero debería pensarse na conveniencia de establecer unha normativa básica e de carácter xeral. -Seguindo coa reforma estatutaria, e polo que se refire á institución do Valedor/a universitario (esta é a nova nomenclatura utilizada), desexamos que acerten na elaboración do novo regulamento interno para adaptalo aos novos Estatutos. Respeten e fortalezan a esta institución, cunha traxectoria consolidada nesta universidade e cun prestixio que vai máis aló das persoas que a representan. Un prestixio que se fundamenta sobre todo na natureza e nas funcións fixadas no seu día polo lexislador (a defensa dos dereitos e liberdades e a contribución á mellora da calidade universitaria nun sentido holístico e integral). Estas atribucións fan deste órgano algo singular, único, diferente aos demais e cun espazo propio de actuación. Somos esa instancia de garantías, esa conciencia crítica, ese observatorio imparcial e insubornable, ese axente conciliador e con capacidade de iniciativa e de proposta sen límite. Todas estas atribucións son as que nos lexitiman e obrigan a suscitar ante todas e todos vostedes, ano tras ano, cuestións como as que hoxe acabo de expoñerlles. Sras. e Sres. claustrais: ao mesmo tempo que lles desexamos unha lexislatura ategada de satisfaccións polo traballo ben feito, pedímoslle teñan a ben tomar en consideración estas reflexións e propostas. Moitas, moitas grazas a todas e todos. Infinitas grazas á Universidade de Vigo por darme e regalarme tanto ao longo destes anos; e por brindarme a oportunidade de poder corresponderlle coas miñas modestas achegas, tanto dende a Ciencia Política e da Administración como dende o Tribunal de Garantías.

O Sr. reitor agradece as palabras do presidente e indica que toma nota das súas peticións.

O Sr. Luis González agradece ao TG o labor realizado e solicita que actúe de oficio en relación coa normativa sobre avaliación. O Sr. presidente do TG agradece as palabras e toma nota da petición. O Sr. reitor salienta o importante labor de mediación do Tribunal e anuncia que estudará os temas apuntados.

## **7. Elección de membros da Comisión Electoral: Sector estudantes, 1 vacante.**

Non se presentaron candidaturas.

## **8. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector estudantes, 2 vacantes.**

Non se presentaron candidaturas.

## **9. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.**

Non se presentaron candidaturas.

## **10. Rogos e preguntas.**

O Sr. Pedro Carro informa de que dous grupos de estudantes están a traballar pola celebración dun referendo sobre o final da Monarquía. O Sr. Daniel Fernández pregunta polo caixeiro para recargar a tarxeta de autobús no Campus de Vigo. A Sra. Mónica Fernández fala do problema burocrático para os estudantes de doutoramento en relación coa presentación de documentación esixida para presentar solicitudes. O Sr. Alfredo González fai tres preguntas (**Anexo I**) sobre protección de datos en relación co correo electrónico do alumnado e do seu consentimento para ser incorporados en listas de distribución. O Sr. Álvarez Moreira indica varias preguntas (**Anexo II**), entre outras, sobre o regulamento de avaliación e disciplinario; onde se indica que a avaliación continua é obrigatoria para o alumnado; e que sucede coa avaliación continua do TFG; finalmente, tendo en conta a normativa correspondente, pregunta sobre o método de avaliación continua presente en distintas guías docentes e a súa eventual mala aplicación polo profesorado.

O Sr. reitor indica que se revitalizará o Claustro e que tentará responder ás preguntas do Sr. Álvarez Moreiras. O Sr. secretario xeral sinala os avances no eido da regulamentación sobre o procedemento disciplinario acadados na CRUE.

O Sr. reitor indica que a Universidade respecta a iniciativa do alumnado sobre o referendo, pero tamén a Constitución, e que non ten nada que dicir sobre esa proposta, gardando para si a súa opinión persoal. Pide desculpas polo asunto das tarxetas de autobús. Tamén indica que é acaída a intervención respecto da burocracia e pensa que coa posta en marcha da administración electrónica se solucionará o asunto. En relación coa protección de datos, o Sr. secretario xeral aclara que as persoas afectadas poden dirixir as súas consultas á Secretaría, que traballa xunto co Delegado de Protección caso a caso. En relación coa idea de facer política, manifestada previamente polo Sr. Alfredo González, o Sr. reitor pensa que no Claustro estase a facer política e que os puntos tratados nesta sesión así o amosan.

O Sr. Adrián Balado fala da interconexión do rexistro dixital coa rede SARA. Fala tamén da protección de datos e pregunta por que non se estende máis o emprego do correo institucional da Universidade de Vigo para tentar facer fronte a certos problemas.

O Sr. reitor resposta que estudiará as iniciativas apuntadas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:53 h do día 3 de decembro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O Reitor

O Secretario Xeral

Manuel J. Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez